

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DO BARCO DE VALDEORRAS DE 4 DE SETEMBRO DE 2014**

Na Casa Consistorial do Concello do Barco de Valdeorras, sendo as 19:05 horas do 4 de setembro de 2014, baixo a Presidencia do alcalde-presidente Don Alfredo Laudelino García Rodríguez, reúnense no salón de sesións a Corporación Municipal do Concello do Barco de Valdeorras, ós efectos de realizar a sesión ordinaria convocada para o día da data, constituíndose coa asistencia dos seguintes señores/as:

D. Eduardo Ojea Arias  
D. Miguel Neira Ojea  
D<sup>a</sup> Natalia Álvarez Diéguez  
D<sup>a</sup> María Mercedes Ana Moldes Ares  
D. Luis Victorino Arias Fernández  
D. Aurentino Alonso Araújo  
D. Julio Fernández Arias  
D<sup>a</sup> María Irene Dacal Feijoo  
D. Moisés Blanco Paradelo  
D. Arsenio Moldes Gómez  
D. Carlos Javier Crespo Díaz  
D<sup>a</sup> Nieves Rodríguez Voces  
D<sup>a</sup> María Estela Delgado Fernández  
D. Antonio Melo García  
D<sup>a</sup> Manuela Rodríguez Vázquez  
D Vítor Manuel Sierra Nieves, que se incorpora á sesión no momento que se di nesta acta.

Interveu como secretario D. Jesús Tallón García. Concorre o adxunto á intervención Don Rubén Vizcaíno Pena.

Unha vez declarado aberto o acto polo sr. alcalde-presidente, o alcalde concede o uso da palabra o sr. Blanco Paradelo quen despois de desexar que todos gozasen dunhas boas vacacións pide que conste en acta o sentir do Concello polo recente pasamento do voceiro do Partido Popular na Pobra de Trives, D. Isauro Pérez González, e tamén polo pasamento da que fora alcaldesa do Puente de Domingo Flórez, D<sup>a</sup> Raquel Velasco Arias, e que se transmita o pesar da Corporación deste Concello. De seguido procédese ó estudo dos asuntos incluídos na orde do día.

### **1º Aprobación da acta do Pleno da sesión celebrada o día 3 de xullo de 2014.**

Di o sr. alcalde que, como xa se explicou na última Comisión de facenda, hai que corrixir a acta do Pleno celebrada o 3 de xullo de 2014, pois hai tres erros no punto 4 da Orde do día, relativo á aprobación inicial da derogación inicial da Ordenanza reguladora da taxa por servizos do cemiterio municipal e aprobación inicial da Ordenanza fiscal reguladora dos dereitos ou taxas pola prestación de servizos e realización de traballos no cemiterio municipal, concretamente onde di *Artigo 87º* ten de dicir *Artigo 8º*, onde di *Artigo 10º* ten que dicir *Artigo 9º*, e despois nun parágrafo da *Disposición Complementaria*, aínda que o concepto quedaba claro faltaba a palabra *provisional* xa que onde di ... *este acordo, ata entón quedará elevado a definitivo sen necesidade de novo acordo do Pleno*, ten que dicir ... *este acordo, ata entón provisional quedará elevado a definitivo sen necesidade de novo acordo do Pleno*.

O Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos dezaseis membros asistentes, acorda:

**A aprobación da acta da sesión plenaria celebrada o día 3 de xullo de 2014, coa corrección dos erros detectados na citada acta, no punto da orde do día “4º Ditame da Comisión Informativa de Patrimonio, Facenda, Contas e Promoción Económica relativo á aprobación inicial da derogación inicial da Ordenanza reguladora da taxa por servizos do cemiterio municipal e aprobación inicial da Ordenanza fiscal reguladora dos dereitos ou taxas pola prestación de servizos e realización de traballos no cemiterio municipal”, de xeito que queda redactado tal e como segue:**

**“4º Ditame da Comisión Informativa de Patrimonio, Facenda, Contas e Promoción Económica relativo á aprobación inicial da derogación inicial da Ordenanza reguladora da taxa por servizos do cemiterio municipal e aprobación inicial da Ordenanza fiscal reguladora dos dereitos ou taxas pola prestación de servizos e realización de traballos no cemiterio municipal.**

Non producíndose debate, procédese á votación ordinaria, co resultado de que, por trece votos a favor (dos concelleiros García Rodríguez, Ojea Arias, Neira Ojea, Moldes Ares, Arias Fernández, Alonso Araújo, Fernández Arias, Dacal Feijoo, Blanco Paradelo, Moldes Gómez, Rodríguez Voces, Melo García e Rodríguez Vázquez ) e unha abstención (do concellerio sr. Sierra Nieves) o Pleno acorda:

1. **Aprobar inicialmente a derogación “ORDENANZA REGULADORA DA TAXA SERVIZOS NO CEMENTERIO MUNICIPAL”**
2. **Aprobar inicialmente a ORDENANZA FISCAL REGULADORA DOS DEREITOS OU TAXAS POLA PRESTACION DE SERVIZOS E REALIZACIÓN DE TRABALLOS NO CEMITERIO MUNICIPAL, de acordo coa proposta de ditame exposta, e cuxo texto íntegro reproducése no anexo.**
3. **Exposición por trinta días hábiles, mediante anuncio no taboleiro de edictos e no Boletín Oficial da Provincia de Ourense (artigo 17.1. TRLRFL). A derogación e a nova ordenanza, entrarán en vigor unha vez adoptados os restantes trámites previstos no amentado artigo 17 TRLRFL.**

**Anexo: texto íntegro da nova ordenanza:**

#### **ARTIGO 1º. FUNDAMENTO, NATUREZA E OBXECTO**

1. En uso das facultades concedidas nos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e artigo 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, este Concello establece as Taxas pola prestación de servizos no cemiterio municipal na presente ordenanza, as normas da cal atenden ó previsto nos artigos 20.4 e 57 do citado Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

2. Serán obxecto deste tributo os diversos servizos que se regulan na presente ordenanza e as concesións administrativas de terreos do cemiterio e de sepulturas construídas polo Concello.

#### **ARTIGO 2º. FEITO IMPOÑIBLE**

1. Está constituído pola utilización dos diversos servizos prestados no cemiterio ou relativos a este, e polo outorgamento de concesións administrativas sobre os seus terreos e sobre os nichos ou sepulturas subterráneas construídas naquel.

2. Malia o sinalado na alínea anterior, a concesión de permisos ou licenzas para obras no cemiterio inclúese na Ordenanza fiscal correspondente por congruencia coa esixencia que establece o artigo 100 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se

**aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, ó referirse ó feito imponible do Imposto sobre construcións, obras e instalacións, que tamén grava as realizadas nos cemiterios.**

**3. Para a concesión de licenzas esixirase a presentación da solicitude e os datos precisos para que se poida facer a liquidación das taxas.**

#### **ARTIGO 3º. SUXEITO PASIVO**

**Son suxeitos pasivos contribuíntes os titulares da concesión administrativa, así como os solicitantes da concesión da autorización ou da prestación do servizo e, chegado o caso, os titulares da autorización concedida.**

#### **ARTIGO 4º. RESPONSABLES**

**1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo vas persoas físicas ou xurídicas a que se refiren o artigo 42.1.a) e b) da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.**

**2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral nos supostos e co alcance que sinala a Lei xeral tributaria.**

#### **ARTIGO 5º. DEVENGO.**

**Devengase a Taxa e nace a obriga de contribuír:**

**Nos servizos de remuneración puntual, cando se presente a solicitude correspondente**

**Nos servizos de remuneración periódica, a remuneración da taxa producirase o un de xaneiro de cada ano.**

**Nas liquidacións de remuneración periódica deberase realizar o ingreso nos prazos fixados na liquidación correspondente, que será notificada ao suxeito pasivo.**

**Unha vez producida a alta, a Taxa se exaccionará por padrón, esixíndose o importe desta no prazo que sinala o Regulamento Xeral de Recadación para as débedas por recibo.**

#### **ARTIGO 6º. EXENCIÓNS SUBXECTIVAS.**

**Establécese a exención de pagamento para as inhumacións que ordene a Autoridade Xudicial e que se efectúen na fosa común.**

#### **ARTIGO 7º. BASES DE GRAVAME, TARIFAS E COTAS**

**1.- A base imponible determinarase atendendo á diferente natureza dos obxectos de gravame, de acordo cos distintos epígrafes da tarifa, polos seguintes conceptos:**

**a) O outorgamento de concesións administrativas sobre terreos, nichos e sepulturas.**

b) Cambios de titularidade, despois da autorización municipal, de concesións sobre terreos e sepulturas no dito cemiterio.

c) Mantemento e limpeza

2.- As cotas tributarias determinaranse por aplicación das seguintes

#### TARIFAS:

CONCEPTO	TARIFA CEMENTERIO VELLO	TARIFA CEMENTERIO FASE F	TARIFA CEMENTERIO FASE G
CONCESION PARCELA	397,03 €		
CONCESION DE NICHOS	397,03 €	1.000,00 €	1.200,00 €
TRANSMISION DE PARCELA	125,08 €		
TRANSMISION DE NICHOS	35,86 €	35,86 €	35,86 €
LIMPIEZA DE PARCELA	7,18 €		
LIMPIEZA DE NICHOS	2,99 €	2,99 €	2,99 €

#### NORMAS ACLARATORIAS

1.- As concesións regularanse polas normas contidas no Regulamento do Cemiterio Municipal do Barco de Valdeorras aprobado pleno 2/12/2010 BOP N° 54 7/03/2011.

2.- No caso de que a concesión se outorgue a favor de anterior titular ou o/a que fose o seu/súa cónxuxe no momento da concesión, a tarifa correspondente á construción, terá unha bonificación dun 96%.

3.- Se a nova concesión é a favor de herdeiro ou herdeira lexítimos, a bonificación será dun 92%.

#### ARTIGO 8°. INGRESO.

Os suxeitos pasivos efectuarán o ingreso do importe da taxa relativa ós servizos regulados nos distintos epígrafes da presente Ordenanza, na Recadación municipal, polo procedemento de autoliquidación, liquidación ou recibo

#### ARTIGO 9°. INFRACCIÓNS

En todo o relativo á cualificación das infraccións tributarias, así como ás sancións daquelas que correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 181 e seguintes da Lei xeral tributaria

#### DISPOSICIÓN COMPLEMENTARIA

Para o non previsto expresamente nesta ordenanza teranse en conta os preceptos do Regulamento do Cemiterio Municipal do Barco de Valdeorras aprobado pleno 2/12/2010 BOP N° 54 7/03/2011. vixente na actualidade, Decreto 134/98, do 23 de abril, sobre policía sanitaria

**mortuoria, ditado pola Consellería de Sanidade e Servizos Sociais da Xunta de Galicia, e demais normas sanitarias de aplicación.**

**Esta modificación da ordenanza, unha vez publicada no BOP e transcorrido o prazo ao que se refire o artigo 70.2, en relación co 65.2 da Lei 7/1985, comezará a aplicarse o día seguinte da súa publicación, e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa. Expoñer no taboleiro de anuncios do Concello durante trinta días este acordo provisional, significando que durante este prazo os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. O prazo de trinta días comezará a contarse a partir do seguinte no que se publique no BOP de Ourense e nun dos diarios de maior difusión da provincia.**

**Para o caso que se presenten reclamacións no prazo indicado no anterior apartado deste acordo, estas serán resoltas polo Pleno da corporación, procedendo no seu caso, á aprobación do acordo definitivo, para o caso de que non se presenten reclamacións nese prazo, este acordo, ata entón provisional quedará elevado a definitivo sen necesidade de novo acordo do Pleno. O Acordo definitivo, ou provisional elevado a definitivo, co texto completo da ordenanza será publicado no BOP de Ourense a efectos da súa entrada en vigor ó día seguinte.”**

**2º Ditame da Comisión Informativa de Patrimonio, Facenda, Contas e Promoción Económica relativo á *“modificación orzamentaria crédito extraordinario 04/2014 financiado co expediente de baixa por anulación 03/2014”*.**

Dáse conta do ditame da comisión informativa celebrada o 29 de agosto de 2014. Fai uso da palabra o sr. Alcalde para dicir que trátase dun expediente de crédito extraordinario por importe de 9.834,63€ para facer fronte a unha serie de facturas con motivo das actuacións que se fixeron no contorno do BIC da Torre do Castro, pois aínda que o orzamento deu para facer todo o que estaba previsto no proxecto para a Torre houbo que facer investimentos no contorno que non tiña nada que ver co proxecto, que foron feitos polas brigadas municipais. Di que estas obras non se fixeron antes porque pensouse ter un orzamento suficiente ao contar cunha subvención da Deputación de 42.000€, que ingresaron este ano, pero que como no seu momento non se xerou crédito, aínda que se ingresou a subvención non se podía facer uso deses cartos, e que ese é o motivo polo que se propón este crédito extraordinario con cargo á baixa doutras partidas que figuraban no orzamento e que previsiblemente non se van a gastar.

Concédeselle a palabra ao voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, sr. Blanco Paradelo, quen di que o seu Grupo non vai a votar favorablemente neste punto aínda que tampouco en contra, que pese ao informe favorable queren chamar a atención pois pensan que a obra de rehabilitación da Torre do Castro foi xa bastante cuantiosa e que estas cuestións tiñan que terse incluído no proxecto, posto que segundo as observacións que se fan dende o informe de fiscalización de Intervención, fálase de certa imprevisión á hora da posible inclusión nos orzamentos iniciais do proxecto. Di o voceiro que pensa que se está ante outro novo erro, ante outro novo exercicio de improvisación, que non se tivo en conta todo o conxunto para incluílo no proxecto.

Di o sr Alcalde que, como xa dixo antes, crédito había máis que suficiente, pois había 42.000€ da Deputación, pero que quedou aí porque o Interventor no seu momento entendeu que había crédito suficiente e non se xerou. Di que nun proxecto de máis de medio millón de euros o importe da subvención é mínimo, polo que non é correcto falar de improvisación, e hai que ter en conta que as obras fixéronse fóra do contorno do proxecto.

Rematado o debate, procédese á votación ordinaria, co resultado de que, por nove votos a favor (dos concelleiros García Rodríguez, Ojea Arias, Neira Ojea, Álvarez Diéguez, Moldes Ares, Arias Fernández, Alonso Araújo, Fernández Arias e Dacal Feijoo) e sete abstencións (dos concelleiros Blanco Paradelo, Moldes Gómez, Crespo Díaz, Rodríguez Voces, Delgado Fernández, Melo García e Rodríguez Vázquez ) o Pleno acorda:

- 1. Aprobar inicialmente o expediente de modificación orzamentaria crédito extraordinario 04/2014, financiado co expediente de baixa por anulación 03/2014, e a correspondente modificación do anexo de investimentos, creando o proxecto de gasto 2014-49 exposto na Memoria.**
- 2. Exposición por quince días hábiles, mediante anuncio no taboleiro de edictos e no Boletín Oficial da Provincia de Ourense (artigo 169.1. TRLRFL). Se houbera reclamacións, serán resoltas polo propio Pleno no prazo dun mes, e se non houbera reclamacións, considerarase definitivamente aprobado, debendo procederse en ámbolos dous casos á publicación da devandita aprobación definitiva e do resumo por capítulos do Orzamento Xeral modificado, así coma á remisión de copia do expediente á**

**Administración do Estado e á Xunta de Galicia. A modificación, no seu caso, entrará en vigor unha vez publicado o correspondente acordo na forma prevista no artigo 169.3. TRLRFL.**

**3º Ditame da Comisión Informativa de Patrimonio, Facenda, Contas e Promoción Económica relativo a “*modificación orzamentaria crédito extraordinario 05/2014 financiado co expediente de baixa por anulación 04/2014*”.**

Dáse conta do ditame da comisión informativa celebrada o 29 de agosto de 2014. Di o sr. Alcalde que neste caso trátase de dúas expropiacións, unha que se fixo cando se construíu a pasarela peonil que conecta a rúa Real cos xardíns da Casa Grande e que houbo que expropiar a parcela para poder conectar directamente coa praza sen ter que subir pola rúa Novelista Elena Quiroga e seguir pola rúa Elena Quiroga ata a praza, é dicir para facelo máis curto. Di que o expediente de expropiación o fixo a Deputación Provincial coa valoración que consideraron correcta, ingresándose na Deputación os cartos que eran sobre 32.000€, pero o propietario presentou un recurso no Tribunal Superior de Expropiacións de Galicia e segundo a documentación que remitiu ao Concello a Deputación déronlle a razón e entón hai que pagar máis, concretamente 36.689,55€ máis. Di que coincidente no tempo tamén houbo outra expropiación en Veigamuíños, que xa veu ao Pleno en dúas ocasións ademais e que é un anaco pequeno de terreo cuxa valoración a fixo o Arquitecto Municipal por importe de 1.851,35€ e que había crédito suficiente cando se iniciou o expediente de expropiación, pero que o propietario recorreu ao Tribunal Superior de Xustiza e cando chegou a Sentenza da a razón ao Concello, é dicir, o valor fixado inicialmente é correcto, pero que tívose que esperar o prazo para presentación de recursos por parte do recorrente e ao non facelo agora hai que xerar crédito para pagar o importe da expropiación pois o crédito existente naquel momento deixou de existir ao acabar a anualidade.

Non producíndose debate, o Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dezaseis membros asistentes, adopta o seguinte acordo:

- 1. Aprobar inicialmente o expediente de modificación orzamentaria crédito extraordinario 05/2014, financiado co expediente de baixa por anulación 04/2014, e a correspondente modificación do anexo de investimentos, creando o proxecto de gasto 2014-52 e 2014-54 relacionados na Memoria.**



2. **Exposición por quince días hábiles, mediante anuncio no taboleiro de edictos e no Boletín Oficial da Provincia de Ourense (artigo 169.1. TRLRFL). Se houbera reclamacións, serán resoltas polo propio Pleno no prazo dun mes, e se non houbera reclamacións, considerarase definitivamente aprobado, debendo procederse en ámbolos dous casos á publicación da devandita aprobación definitiva e do resumo por capítulos do Orzamento Xeral modificado, así coma á remisión de copia do expediente á Administración do Estado e á Xunta de Galicia. A modificación, no seu caso, entrará en vigor unha vez publicado o correspondente acordo na forma prevista no artigo 169.3. TRLRFL.**

#### **4º Ditame da Comisión Informativa de Patrimonio, Facenda, Contas e Promoción Económica sobre “*recoñecemento extraxudicial de créditos 2/2014*”.**

Dáse conta do ditame da comisión informativa celebrada o 29 de agosto de 2014. Di o sr Alcalde que son facturas por importe de 1.141,93€ remitidas despois de aprobarse neste Pleno o último recoñecemento extraxudicial de crédito e como algunhas das facturas fan referencia a servizos prestados no ano 2013, pois téñense que aprobar polo Pleno.

Fai uso da palabra o sr. Blanco Paradelo, voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, que di que o seu Grupo vai manter a mesma postura que noutras ocasións que é o voto en contra e polos argumentos expresados como é o descontrol do gasto e ademais neste caso ten informe desfavorable con efectos suspensivos. Di o voceiro que pode entender algunhas facturas que di o sr Alcalde pero que hai outras do ano 2013, como o servizo telefónico internet viveiro de empresas, e que non pode entender como R factura agora un servizo de outubro de 2013, pois calquera empresa de telefonía envía os recibos mensualmente, e pon tamén o exemplo das facturas de gastos que se fixeron nas festas patronais do ano pasado.

Di o sr Alcalde que lle parece ben o que di o sr. Blanco pero que hai facturas de servizos realizados o ano 2013, dando lectura a algunha desas facturas. Di que este Concello mandou no seu día unha carta a todos os provedores comunicándolles a obriga de remitir as facturas nos trinta días seguintes á prestación do servizo e que se non as enviaban tomaríanse medidas, pero a única medida é non pagarlles pero que si van ao xulgado hai que pagarlle. Di que el non entende, o mesmo que o sr. Blanco, que unha empresa poida presentar agora facturas do ano 2013, aínda que coas grandes empresas pasan cousas incomprensibles como que reclaman

facturas sen habelas remitido ou pásanas duplicadas, chegando a reclamarlle ao Concello facturas xa pagadas para acollerse ao pago a provedores.

Neste momento incorpórase á sesión o concelleiro Vitor Manuel Sierra Nieves.

Rematado o debate, procédese á votación ordinaria, co resultado de que, por nove votos a favor (dos concelleiros García Rodríguez, Ojea Arias, Neira Ojea, Álvarez Diéguez, Moldes Ares, Arias Fernández, Alonso Araújo, Fernández Arias e Dacal Feijoo), sete en contra (dos concelleiros Blanco Paradelo, Moldes Gómez, Crespo Díaz, Rodríguez Voces, Delgado Fernández, Melo García e Rodríguez Vázquez ) e unha abstención (do concelleiro Sierra Nieves) o Pleno acorda:

- 1. Levantar os reparos suspensivos emitidos polo Adxunto á Intervención no informe de fiscalización previa de 20/08/2014.**
- 2. Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos 02/2014.**

**5º Ditame da Comisión Informativa de Patrimonio, Facenda, Contas e Promoción Económica sobre “*bonificación no ICIO solicitado por D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> de los Angeles Fernández Dosouto.*”**

O sr Alcalde da conta do ditame de 29 de agosto de 2014 adoptado por unanimidade e di que son obras de instalación de ascensor nunha vivenda unifamiliar sita na rúa As Covas nº 42, cunha bonificación do 90% .

Non producíndose debate, o Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dezasete membros asistentes, adopta o seguinte acordo:

**Primeiro: declarar a obra descrita nos antecedentes, de interese social, histórico-artístico ou cultural en orde á posterior proposta da concesión dunha bonificación do 90% na cota do ICIO en aplicación do artigo 6.4. da Ordenanza Fiscal Reguladora do ICIO.**

**Segundo: propoñer á Xunta de Goberno Local a procedencia da bonificación no ICIO solicitada.**

**6º Ditame da Comisión Informativa de Patrimonio, Facenda, Contas e Promoción Económica sobre “*bonificación no ICIO solicitado por D. Florencio López Prada*”.**

O sr Alcalde da conta do ditame de 29 de agosto de 2014 adoptado por unanimidade e di que son obras de instalación de ascensor nun edificio sito na rúa Caleras nº 14, cunha bonificación do 90% .

Non producíndose debate, o Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dezasete membros asistentes, adopta o seguinte acordo:

**Primeiro: declarar a obra descrita nos antecedentes, de interese social, histórico-artístico ou cultural en orde á posterior proposta da concesión dunha bonificación do 90% na cota do ICIO en aplicación do artigo 6.4. da Ordenanza Fiscal Reguladora do ICIO.**

**Segundo: propoñer á Xunta de Goberno Local a procedencia da bonificación no ICIO solicitada.**

**7º Ditame da Comisión Informativa de Patrimonio, Facenda, Contas e Promoción Económica sobre “*bonificación no ICIO solicitado por D. Ricardo Corzo Pérez*”.**

O sr Alcalde da conta do ditame de 29 de agosto de 2014 adoptado por unanimidade e di que son obras de instalación de ascensor nun edificio sito na rúa Cantón nº 9, cunha bonificación do 90% .

Non producíndose debate, o Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dezasete membros asistentes, adopta o seguinte acordo:

**Primeiro: declarar a obra descrita nos antecedentes, de interese social, histórico-artístico ou cultural en orde á posterior proposta da concesión dunha bonificación do 90% na cota do ICIO en aplicación do artigo 6.4. da Ordenanza Fiscal Reguladora do ICIO.**

**Segundo: propoñer á Xunta de Goberno Local a procedencia da bonificación no ICIO solicitada.**

**8º Ditame da Comisión Informativa de Patrimonio, Facenda, Contas e Promoción Económica sobre “*bonificación no ICIO solicitado por D. Álvaro Rodríguez Álvarez*”.**

O sr Alcalde da conta do ditame de 29 de agosto de 2014 adoptado por unanimidade e di que son obras de rehabilitación de vivenda no Castro, rúa da Igrexa 98, cunha bonificación do 95% .

Non producíndose debate, o Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dezasete membros asistentes, adopta o seguinte acordo:

**Primeiro: declarar a obra descrita nos antecedentes, de interese social, histórico-artístico ou cultural en orde á posterior proposta da concesión dunha bonificación do 95% na cota do ICIO en aplicación do artigo 6.4. da Ordenanza Fiscal Reguladora do ICIO.**

**Segundo: propoñer á Xunta de Goberno Local a procedencia da bonificación no ICIO solicitada.**

Fai uso da palabra o sr Blanco Paradelo, voceiro do PP, que di que o seu Grupo quere destacar a importancia de que a maioría das anteriores obras que solicitan a bonificación do ICIO fan referencia á eliminación de barreiras arquitectónicas, e queren animar a que se siga facendo esa eliminación pois quedan moi poucos edificios no Barco pero algúns sí quedan.

**9º Ditame da Comisión Informativa de Patrimonio, Facenda, Contas e Promoción Económica sobre *“inicio de expediente para resolución por mutuo acordo do contrato de cesión de inmovible para escola obradoiro da Vila do Castro, formalizado en escritura pública de 21 de xuño do 1997”.***

Dá conta do ditame da comisión informativa celebrada o 29 de agosto de 2014. O sr. Alcalde que no ano 1998 concedéronlle ao Barco unha escola-taller na Vila do Castro, polo que no ano 1997 asinaranse uns convenios e entre eles a cesión dun solares para a escola por unha duración de 25 anos. Di que aquela escola-taller non cumpriu os obxectivos previstos e que no solar do que se está a falar estaba previsto que se fixera unha edificación para instalar alí a Fundación Comarcal, aínda que ó final a Fundación instalouse na Casa Río Cigüeño ata a súa desaparición. Di o Alcalde que o Concello non ten previsto nestes 11 anos de cesión que restan, facer nada no citado solar, polo que de acordo cos propietarios do mesmo quérese que reverta xa pois non vai ter maior utilidade municipal. Di que o que ven a Pleno é o inicio do expediente de reversión de mutuo acordo.

Concédeselle a palabra ao voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, sr. Blanco Paradelo, quen di que o seu Grupo vai votar a favor neste punto, que é unha pena, pois había planificados algúns proxectos moi interesantes, e quere preguntar ao sr Alcalde como quedan nesta reversión os bens (o anexo, a casa e demais), se quedan na mesma situación que se ve no documento, é dicir que si se viu nalgún momento alterada algunha das funcións ou ten que planificarse algún tipo de modificación.

O sr. Alcalde fai uso da palabra para dicir que non, que rehabilitouse a Adega do Pulpeiro na parte que se puido, que se consolidou a muralla, pois estaba afectada polo desprendemento da Adega e podía caerse, e axeitouse a parte da entrada da Cova do Pulpeiro, sinalando que en todas estas actuacións estaba de acordo Patrimonio.

Rematado o debate, o Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dezasete membros asistentes, adopta o seguinte acordo:

**1º Proceder ao inicio de expediente para, de ser o caso, proceder, de mutuo acordo co cedente, á resolución contractual da cesión efectuada por D José Antonio Valcarce Basadre, aceptada por acordo plenario de data 21 de maio de 1997 e formalizada en escritura pública de data 23 de xuño de 1997.**

**2º Someter o expediente a información pública mediante a publicación de anuncios no BOP e Taboleiro de Edictos, por prazo de 15 días.**

**3º Notificar a presente aos interesados con expresión do réxime de recursos.**

**10º Ditame da Comisión Informativa de Patrimonio, Facenda, Contas e Promoción Económica sobre “*declaración de festas locais para o ano 2015*”.**

Dase conta do ditame da comisión informativa celebrada o 29 de agosto de 2014. Di sr. Alcalde que no ano 2015 no hai ningún problema coas datas das festas locais, pois o día 22 de maio é venres e o día 14 de setembro é luns, sendo os dous días laborais.

Non producíndose debate, o Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dezasete membros asistentes, adopta o seguinte acordo:

**Primeiro. Propoñer ao órgano competente a determinación como días inhábiles no termo municipal do Barco de Valdeorras, declarándose festivos locais, as seguintes datas:**

<b>Venres, 22 de maio de 2015</b>	<b>Día de Santa Rita</b>
<b>Luns, 14 de setembro de 2015</b>	<b>Festas do Cristo</b>

**Segundo. Dar traslado de certificación do presente acordo á Xefatura territorial da Consellería de Traballo e Benestar.**

**11º Previa ratificación da súa inclusión na orde do día, proposición do Grupo Municipal do PSOE relativa a *”rebaixe do IVE ás perruquerías e florerías”***

Trala ratificación da inclusión deste asunto na orde do día por unanimidade dos concelleiros asistentes, a sra. Dacal Feijoo, concelleira delegada de Promoción Económica, Turismo e Comercio, dá lectura da proposición presentada, que copiada literalmente di:

“Nos últimos tempos o problema que supón o excesivo incremento experimentado pola suba dos impostos para dous sectores claves da economía local de O Barco, como son os das perruquerías e os das florerías, que viron aumentar dende o ano 2012 o IVE do 8% ao 21% están a levar ao sector á ruína e a unha falla de expectativas. Este incremento, no caso das perruquerías vese agravado pola suba de ata 3 puntos polo cambio no tipo de recargo de equivalencia (réxime especial de IVE obrigatorio para comerciantes ao por menor que non realicen ningún tipo de transformación nos produtos que venden) e de 5,2 puntos no caso das florerías, o que sitúa os gastos en IVE no 24% e no 26% respectivamente. Segundo datos do sector o retroceso do consumo nas perruquerías estímase nun 20%, mentres que no caso das florerías a patronal elévao ata o 60% do último ano.

Si a este incremento descomunal dos impostos de facenda lle engadimos a suba da electricidade, atopámonos con dous sectores que actúan na realidade como meros recadadores de impostos que ven diminuír a clientela e teñen serias dificultades para manter os postos de traballo e chegar a fin de mes.

Esta realidade afecta no caso do concello de O Barco a un sector que xoga un papel fundamental no mercado laboral e nos servizos que ofertan a nosa vila, onde o número de perruquerías é de 26 e o de establecementos de vendas de flores é de 16, xerando en conxunto un número importante de postos de traballo, tanto de autónomos como de asalariados.

Por todo o exposto:

**SOLICITAMOS**

1. Que o Pleno do concello de O Barco inste ao Goberno Central para que rebaixe o IVE a estes sectores empresariais ao tipo impositivo do ano 2012.
2. Que se inste a que as empresas accedan a liñas de crédito oficiais, a fin de axudar a paliar a sangría de peches que conlevan máis destrución de emprego e afondan na crise.”

Concédeselle a palabra ao voceiro do PP, sr. Blanco Paradelo, quen di que estaba convencido de que na exposición a concelleira ía a engadir algo ao

texto da Moción que a xustificase, pero que non foi así. Di que lle parece que non se parte dunha realidade, dunha posición de verdade, polo que todo o exposto na moción perde credibilidade. Afirmo que cando chegou o Partido Popular ó goberno de España a facenda pública estaba quebrada, a economía estaba polo chan, o déficit público sen control, o estado estaba en recesión e cunha destrución masiva de postos de traballo que é certo que o PP incumpriu o seu programa cando chegou ó goberno porque prometeu baixar os impostos e non puido ó atoparse coa situación que acaba de describir polo que o Goberno do Estado tivo que subir os impostos para rescatar o país. Prosegue dicindo o voceiro que tamén é certo que despois deses anos e dos moitos esforzos dos cidadáns parece que as cousas van un pouquiño mellor sen ningún tipo de triunfalismo polo que agora o Partido Popular quere cumprir o seu programa electoral baixando os impostos. Di que a sra. Dacal para ter credibilidade debería, na exposición de motivos da moción, aludir ao que acaba el de expoñer e que tampouco se pode esquecer que o Partido Socialista subiu o IVE. Prosegue dicindo sr. Blanco que a concelleira tampouco fai alusión a unha rebaixa fiscal ambiciosa que beneficiará a autónomos, pequenos e medianos empresarios, etc., que o Partido Popular defende a todos os sectores e supón que a sra. Dacal tamén, como concelleira delegada de comercio, polo que terá que aclarar porqué aquí ven a defender só as perruquerías e as florerías esquecéndose dos demais e que o seu Grupo, nese contexto, non vai votar favorablemente a moción pois houbo uns anuncios de rebaixa tarifaria eléctrica e de baixada importante de impostos, polo se verá beneficiado ese sector. Remata dicindo o voceiro que o Partido Popular do Barco presentou unha moción fai bastantes anos, aprobada neste Pleno por todos os Grupos da Corporación, na que se propoñían axudas para o pequeno e mediano comercio para modernización, mellora, etc., e que nunca foi posta en marcha coa excusa de que xa tiña subvención o Centro Comercial Aberto.

Concédeselle a palabra ao concelleiro do BNG, sr. Sierra Nieves, quen fai uso dela para dicir que o seu Grupo vai votar a favor da Moción e que o voceiro do Grupo municipal do Partido Popular aínda que fixo un exercicio magnífico de botar culpas fóra criticando esas medidas que maltrataban obxectivamente a toda a sociedade española na última e nefasta lexislatura de Zapatero e que despois coa chegada do PP ao Goberno se fixo bastante peor, está de acordo con algo que acaba de dicir o voceiro do Partido Popular e coincide en preguntarlle á concelleira porqué elixiu eses sectores específicos e non todos os sectores.

Contesta a sra. Dacal Feijoo que se elixiron eses sectores porque houbo unha petición da Asociación de Perruquerías para presentar a Moción

porque xa se presentaron en distintos Concellos, nos que foi aprobada por unanimidade, que esperaban que houbese a mesma cordura neste Concello e que todos os concelleiros a apoiasen, que ademais neses sectores existen moitos postos de traballo neste municipio xa que pois 42 establecementos cunha media de dúas persoas por establecemento son case cen postos de traballo e que obviamente o seu Grupo defende todos os sectores. Prosegue dicindo que o PSOE subiu o IVE pero que o PP ó chegar ó goberno fixo unha suba moito máis importante do IVE coa desculpa de que coa mesma teríanse máis servizos sociais e melloras en moitas cousas, e que se produciu o contrario pois servizos que antes eran gratuítos agora hai que pagar por eles e outros están a desaparecer, como os xulgados, e que por riba menten pois din que os xulgados non se van a quitar e é mentira e que o seu Grupo non estivo presente na última convocatoria en defensa dos xulgados. Di a concelleira que segundo o voceiro do PP a cousa vai mellor pero con contratos de 8 días de traballo, por exemplo.

Fai uso da palabra o sr. Blanco Paradelo, voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, que di que si queren un día pódese facer ou unha comisión ou un pleno monográfico dos contratos que hai neste Concello, das horas e de todas esas cousas e que se non acudiron á última manifestación da convocatoria en defensa dos xulgados foi por que non os convocaron.

Fai uso da palabra o sr. Alcalde para dicir que o seu Grupo tampouco recibiu convocatoria, pois quedara convocada dende agosto.

Di o sr. Blanco que si durante o período estival prodúcese unha serie de circunstancias o lóxico sería reunir a Plataforma e analizalas y despois decidir o que se vai facer e que chama a atención é que entre toda a sociedade conséguese que o ministro Gallardón rectifique, faise o anuncio e se di expresamente que se manterán todos os partidos xudiciais que hai en Galicia.

O sr Alcalde di que o que se está a debater é unha moción e hai que centrar o debate, pois que na moción salga un tema tanxencial admítese unha resposta puntual pero non quere dicir que se vaia a facer un debate monográfico sobre os partidos xudiciais, polo que hai que centrarse na Moción que se está a tratar.

Prosegue a intervención o sr. Blanco dicindo que si é mentira que houbo ese anuncio e que se fixeron esas declaracións que llo digan e non terá ningún inconveniente en rectificar. Di o sr Blanco que ao seu Grupo non lle saen as contas das perruquerías que sinala a concelleira e moito menos o número de



florerías. Di que a moción presentouse fóra de tempo pois noutros concellos presentouse no mes de marzo, e dende entón ata agora foi cando pasaron todas esas cousas as que fixo referencia o concelleiro. Di o voceiro que a presentación desta moción parécelle hipocrisía política pois o PSOE subiu os impostos a nivel nacional ano tras ano a excepción de dous, aumentando a presión fiscal de forma esaxerada e no Barco tamén subiron os impostos pese a estar en época de crise. Remata dicindo que o seu Grupo vai votar en contra da moción.

Fai uso da palabra o sr Sierra Nieves, e di que é gracioso ver como os dous partidos se botan á cara as súas políticas que fai tempo que son iguais e que hai moito máis comercio máis alá das florerías, por exemplo, que nesa moción debería nomearse outro tipo de sectores, aínda que pese a todo o seu Grupo vai a apoiar a Moción.

Di o sr. Alcalde que o voceiro do PP xa aproveitou para levarnos na súa retórica intervención dende o país das tebras ao país de nunca xamais, que lle parece ben pero que a última enquisa feita por organismos oficiais di que aínda que subiron o número de postos de traballo diminuíron as horas que se traballan en España, que o sr. Blanco reinterprete iso como queira e que despois lle diga onde está a melloría. Di o Alcalde que onte un organismo internacional dicía que xa estaba ben co de baixar os soldos porque iso só levaba ao caos, é dicir, que se empezan a cuestionar cousas que aquí víanse como panacea. Remata dicindo o sr Alcalde que máis tarde pasaralle ao voceiro do PP un parágrafo da nota de prensa que deu o ministro de xustiza onde di claramente que no Barco non vai a haber xuíces.

Rematado o debate, procédese á votación ordinaria, co resultado de que, por dez votos a favor (dos concelleiros García Rodríguez, Ojea Arias, Neira Ojea, Álvarez Diéguez, Moldes Ares, Arias Fernández, Alonso Araújo, Fernández Arias, Dacal Feijoo e Sierra Nieves) e sete en contra (dos concelleiros Blanco Paradelo, Moldes Gómez, Crespo Díaz, Rodríguez Voces, Delgado Fernández, Melo García e Rodríguez Vázquez ) o Pleno acorda:

- 1. Que o Pleno do concello de O Barco inste ao Goberno Central para que rebaixe o IVE a estes sectores empresariais ao tipo impositivo do ano 2012.**
- 2. Que se inste a que as empresas accedan a liñas de crédito oficiais, a fin de axudar a paliar a sangría de peches que conlevan máis destrución de emprego e afondan na crise.**

Di o sr Alcalde que quere sinalar que si se fixo fincapé nese IVE foi porque a subida foi do 8 ao 21% mentres que no resto das actividades foi do 18 ao 21%, para todo en xeral, polo que hai unha diferenciación na contía do incremento.

## **FASE DE CONTROL AOS ÓRGANOS DE GOBERNO**

### **1 Mocións urxentes**

Di o sr. Alcalde que se presentaron catro mocións urxentes, unha presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular relativa a un proxecto de dragado do Río Sil para a zona do Malecón e tres mocións da Alcaldía, relativas á aprobación da Conta Xeral do exercicio 2013, á aprobación do proxecto de obra Colector Vales-Polígono da Raña e á aprobación de proxecto de obra Urbanización da rúa Vicente Risco.

A continuación o sr Presidente somete a votación a ratificación da inclusión do seguinte asunto na Orde do día, sendo aprobado por unanimidade dos dezasete concelleiros asistentes.

### **Moción presentada polo grupo municipal do PP sobre proxecto de dragado do Río Sil para a zona do Malecón.**

Concédeselle a palabra ao concelleiro sr Crespo Díaz, que dá lectura da moción presentada, que copiada literalmente di:

“Seguramente que todas e todos os veciños barquenses coincidimos na verdadeira importancia que tería para O Barco poder realizar un dragado no Río Sil ao seu paso polo Malecón, e deste xeito, volver novamente a disfrutar do río tanto a nivel lúdico como deportivo.

Por iso, o propio Concello presentou en varias ocasións ante a Confederación Hidrográfica Miño-Sil e a Xunta de Galicia o proxecto de “Dragado do Río Sil para a zona do Malecón” que resultou denegado nos últimos instantes da tramitación.

As obras de dragado que figuran no proxecto, redactado no seu momento polos técnicos municipais, propón a retirada de acarreo do río nun tramo duns 340 ml, cun espesor medio de 60 cm, o que supoñería que o volume total a extraer estaría en torno aos 18.300 m<sup>3</sup>. Valorado nuns 100.000€, o proxecto foi rexeitado por última vez en xuño de 2009, tras superar diversos informes das administracións competentes.

Desde o Grupo Popular queremos insistir na necesidade de que se volva a presentar, porque si outras cidades como Zaragoza ou León, por citar algúns

exemplos, executaron importantes proxectos de dragado dos seus ríos O Barco tamén tería que poder facelo.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- O Goberno do Concello de O Barco convocará a Comisión de Medio Ambiente para que o proxecto sexa obxecto dun novo estudo e se poidan realizar as oportunas modificacións.

Segundo.- Rematada a fase de estudo o Proxecto será presentado novamente, nun prazo non superior a tres meses, ante os diferentes organismos competentes.

Terceiro.- Se finalmente o proxecto recibise o visto bo o Concello de O Barco buscará a colaboración da Xunta de Galicia, Deputación e a propia Confederación Hidrográfica para sufragar o custo.”

Prosegue a súa intervención o sr. Crespo que afirma que o seu Grupo pensa que este é o proxecto que necesita o Concello polo que hai que loitar sen descanso e deixarse doutros proxectos moi custosos.

Di o sr. Alcalde que non recorda ter presentado ese proxecto á Xunta, que sempre se presentou á Confederación, o primeiro presentouse en Oviedo, cando estaba alí a Confederación e o segundo tamén cando aínda estaba alí a Confederación pois era o organismo competente para resolver iso, a Xunta non ten competencias no río Sil. Di que non se chegou a pedir diñeiro porque naqueles momentos saía gratis sacar aqueles acarrees do río, pois estaba previsto o recheo da 2º e da 3º fase do Polígono Industrial e o que saíra do río levaríase ao Polígono e eses traballos faríaos gratis a empresa. Di que non foi rexeitado no último instante como pon na Moción senón que foi no primeiro porque non houbo máis, presentáronse os proxectos e o informe foi desfavorable, é dicir, non se autorizou. Di que o seu Grupo non van a deixar ao PP coa cuestión de que no Concello do Barco ou o Grupo Socialista non quere que se drague ou limpe o río Sil, porque xa se pediu dúas veces. Da conta o Alcalde dun parágrafo do que afirma ser o último informe que fixo a Confederación en relación á retirada do muro de formigón da praia de area e di que ese informe sinala que *“cando se retire o muro as máquinas non poderán entrar no cauce da auga”* e que iso significaría que haberá que facelo de tal forma que as rodas das máquinas non toquen a auga”, di que no ano 2005 cambiou a lexislación europea e o que podía facer en determinados momentos pois non se pode facer despois. Di que supón que o Grupo Municipal do Partido Popular terá falado, previa presentación desta moción, coa Confederación, aínda que lle estraña que lle dixeran que se volvera a presentar o proxecto pero que desexa que mudaran

de opinión, que o normal é levar o proxecto á Comisión de Obras que é onde están os técnicos e non na de Medio ambiente e volverase a enviar a Confederación e si é favorable o informe buscarase financiamento. Remata dicindo o sr. Alcalde que o seu Grupo vai votar a favor pero que é por votar para non darlle a desculpa ao PP de que o Grupo de Goberno non quere ese proxecto pois o contido do informe xa o saben pois a norma legal di o que di e iso pode gustar máis ou menos, pero a norma está para cumprila e o Concello do Barco non vai incumprir as normas.

Di o sr. Crespo Díaz que ofrece toda a colaboración do seu Grupo aportando ideas ou iniciativas para que salga adiante o proxecto.

Rematado o debate o Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dezasete membros asistentes, adopta o seguinte acordo:

**Primeiro.- O Goberno do Concello de O Barco convocará a Comisión de Medio Ambiente para que o proxecto sexa obxecto dun novo estudo e se poidan realizar as oportunas modificacións.**

**Segundo.- Rematada a fase de estudo o Proxecto será presentado novamente, nun prazo non superior a tres meses, ante os diferentes organismos competentes.**

**Terceiro.- Se finalmente o proxecto recibise o visto bo o Concello de O Barco buscará a colaboración da Xunta de Galicia, Deputación e a propia Confederación Hidrográfica para sufragar o custo.**

A continuación o sr Presidente somete a votación a ratificación da inclusión do seguinte asunto na Orde do día, sendo aprobado por unanimidade dos dezasete concelleiros asistentes.

### **Moción da Alcaldía de aprobación da Conta Xeral do exercicio 2013.**

Di o sr Alcalde que a Conta Xeral xa pasou todos os trámites, incluído por tres comisións de facenda, e o martes finalizou a exposición ao público, sen que conste ningunha alegación e o único que queda é a aprobación polo Pleno e a remisión de dita Conta.

Fai uso da palabra o sr. Blanco Paradelo, voceiro do PP, que di que como é habitual quere distinguir entre o que é a elaboración, e que supón o recoñecemento do traballo que fan os técnicos, da xestión política que el quere destacar pois hai algunhas cuestións que lle parecen chamativas e

sorprendentes despois de 15 anos de goberno do Partido Socialista no Concello do Barco. Di que aparte do incumprimento dos prazos legais, o que é habitual, hai algo que lle chama moito a atención e é que non pode entender como insistindo os técnicos en dicirlle o mesmo ao sr. Alcalde nos seus informes el faille caso omiso, como tamén lle fai caso omiso cando os técnicos lle repiten que hai que adecuar a plantilla, aínda que pensa que ó sr. Alcalde non lle interesa facelo. Pregúntalle o sr. Blanco ao sr. Alcalde para qué serviu a relación de postos de traballo, que pensa que foi solo para gastar os 18.000€ de diñeiro público e senón que lle demostre o contrario. Di o voceiro que el cita frases textuais do informe técnico porque senón cualifícanos de trileiro, e di que o informe sinala que o Debe e o Haber non coinciden nos estados de Tesourería, que ten que destacar que a execución do orzamento corrente aumenta polo que de aforrar neste Capítulo nada, que segundo o informe da Conta Xeral aumentan máis do dobre as modificacións como consecuencia de escasa precisión, o que reafirma a improvisación continua, que a fiabilidade nos ingresos nuns casos mellora e noutros empeora pero que quere destacar a escasa fiabilidade do Capítulo II nas previsións do ICIO polo que iso demostra o fracaso nas axudas de rehabilitación de vivendas e fachadas que sacou o equipo de Goberno, que logo de ver os ingresos propios, que supoñen o 54,2%, e os ingresos de transferencia, que supoñen o 45,8%, hai unha importante dependencia de financiamento externo que se segue sen corrixir, que tamén aumenta a presión fiscal pois segundo o informe subiu de 263,7€ por habitante no ano 2009 ata os 328,5€ por habitante que está actualmente, así mesmo aumenta o gasto de persoal, aínda que o sr. Alcalde sempre di o contrario na Memoria da Alcaldía, en máis dun 14%, o que representa un 51,9% dos gastos correntes e o 44,65% do gasto total do Concello. Di o sr. Blanco que hai outra Partida que el denominou con cariño no último orzamento “*cacicadas varias*” e que tamén aumentou en máis dun 10,3%, que non deixa de ser un caixón de xastre e que vai moi ben ó facer xa actuacións preelectorais. Di o concelleiro que quere destacar como moi negativo que o sr. Alcalde ten 246 reparos técnicos, o que ven dicir que durante o exercicio 2013 os técnicos dixéronlle 246 veces que fai cousas que non están contempladas na Lei. Remata o sr Blanco dicindo que para o seu Grupo a representación da súa xestión política é mala, é moi mala polo que acaba de dicir e que polo tanto van votar en contra da Conta Xeral do exercicio 2013.

Fai uso da palabra o sr Ojea Arias quen di que como el levou o tema na Comisión vai tamén a expoñer a opinión do seu Grupo. Afirma que lle dá a sensación, polo dito polo voceiro do PP, que o documento lido polo voceiro do Grupo Municipal do P.P. non ten que ver co que examinou el no expediente. Di que o sr. Blanco non comentou nada do superávit que hai

porque non lle interesa pois si o Concello está a facer mal as cousas non pode ter superávit, que pola Intervención se di que hai cousas que hai que mellorar pero que tamén se melloraron outras moitas cousas, como que os orzamentos cumpríronse nun porcentaxe altísimo, que polo dito polo voceiro do PP parece que o Equipo de Goberno leva á ruína ao Concello e iso non é certo pois o sr. Blanco compara con exercicios anteriores pero nunca di que na Conta Xeral sempre hai un superávit, e iso sí que está escrito.

Di o sr. Blanco Paradelo que o sr. Ojea debería atender con máis atención ó Alcalde do que atende, pois o Alcalde ten dito moitas veces no Pleno que cada un ten que destacar o que ten que destacar e evidentemente é a súa labor contestar aos datos dados por el. O voceiro reitera todo o dito na súa anterior intervención e di que todo iso é un motivo máis que suficiente para votar en contra da Conta Xeral.

Di o sr. Alcalde que en relación co dito polo sr. Blanco sobre o gasto de persoal non ten nada que ver o que alí pon coa plantilla de persoal polo que da lectura ao paragrafo do informe relacionado co mesmo. Di que cando el presenta os orzamentos o Capítulo I queda como está porque é certo que se mantén pero si despois concédenselle ao Concello un obradoiro de emprego pois hai uns 200.000€ que se incrementan e que paga a Xunta, e si se inclúen os Grupos de Emerxencia Supramunicipal pois hai 200.000€ que van a nóminas e polo tanto ao Capítulo I, e entón xa son sobre 400.000€ e que parece que o voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular quere que se renuncie a todo tipo de subvencións, cursos, etc., para que non haxa un aumento do 14% do gasto de persoal e respecto do outro exemplo que puxo o sr. Blanco relativo ao incumprimento das previsións de ingreso por ICIO, que é verdade pois dende que empezou a crise da construción non se cumpriu e por iso se baixa todos os anos no orzamento, e que non se poden relacionar unhas cousas con outras como fai o sr. Blanco, pois ás subvencións que se conceden para arranxo de fachadas non se cobra o ICIO ó estar bonificadas ao 95%. Di que ata o 30 de setembro había prazo para presentar a Conta Xeral pero non se esperou ao Pleno de outubro e apróbase hoxe día 4 de setembro para presentalo en prazo. Remata dicindo o sr. Alcalde que ese mundo catastrófico que ao sr. Blanco lle gusta pintar, o das tebras, realmente non existe e que o mundo de nunca xamais xa llo deixa para o Presidente do Goberno do Estado para cando fai as predicións que fai.

Rematado o debate, procédese á votación ordinaria, co resultado de que, por nove votos a favor (dos concelleiros García Rodríguez, Ojea Arias,

Neira Ojea, Álvarez Diéguez, Moldes Ares, Arias Fernández, Alonso Araújo, Fernández Arias e Dacal Feijoo) e oito en contra (dos concelleiros Blanco Paradelo, Moldes Gómez, Crespo Díaz, Rodríguez Voces, Delgado Fernández, Melo García, Rodríguez Vázquez e Sierra Nieves) o Pleno acorda:

**1 A aprobación da Conta Xeral do exercicio 2013.**

**2 A remisión da Conta Xeral do exercicio 2013 ao Consello de Contas de Galicia.**

A continuación o sr. Presidente somete a votación a ratificación da inclusión do seguinte asunto na Orde do día, sendo aprobado por unanimidade dos dezasete concelleiros asistentes.

**Moción da Alcaldía relativa á aprobación de proxecto de obra Colector Vales-Polígono da Raña.**

Di o sr. Alcalde que é un proxecto que presentou a Deputación Provincial e que xa se viu na Comisión de Obras onde se informou favorablemente. Di que se trata do proxecto do colector que vai dende o pobo de Vales ao Polígono da Raña, que o Concello no seu día fixo o colector que vai dende Cesures a Vales, polo que se están a depurar as augas de Cesures na depuradora que hai para Vales, e posto que a depuradora que a Deputación impuxo no seu día no Polígono Industrial non lle chega líquido suficiente e polo tanto non funciona ben, pois acordouse traer a auga dos dous pobos a unha depuradora no Polígono. Di que se acordara que o Concello facía unha parte e a Deputación outra, pero ó final o Concello fixo a súa parte e agora vai facer a metade da outra, aínda que en calquera caso é unha mellora para o medio ambiente e non se van a opoñer a iso. Di que o proxecto o fixeron os enxeñeiros da Deputación e presentaron toda a documentación que fai falta para a Confederación, que a Deputación asume todos os custos e o Concello executará a obra coa Brigada municipal. Di o alcalde que aínda que o proxecto non se vai a executar ata o verán do ano que ven, a Deputación xa o mandou para que se aprobara agora.

Non producíndose debate, o Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dezasete membros asistentes, adopta o seguinte acordo:

**Primeiro: aprobar o proxecto de obra “Colector Vales-Polígono de A Raña” redactado polo Enxeñeiro Xefe do Servizo de Augas da Deputación Provincial de Ourense, cun orzamento de execución por**

**administración de 27.603,21 euros e declarar que se axusta as esixencias da Texto refundido da Lei de contratos do sector público aprobado mediante Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro e do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.**

A continuación o sr Presidente somete a votación a ratificación da inclusión do seguinte asunto na Orde do día, sendo aprobado por unanimidade dos dezasete concelleiros asistentes.

**Moción da Alcaldía relativa á aprobación de proxecto de obra Urbanización da rúa Vicente Risco.**

Di o sr. Alcalde que remítuselle no su día este proxecto de urbanización da rúa Vicente Risco á Deputación Provincial, que é un complemento da obra que se está a executar neste momentos na rúa Valle-Inclán e no entorno do colexio Divina Pastora. Di que a Deputación incluíu na modificación do orzamento unha subvención de 40.000€ para facer esta obra, que é o que custa, e agora remitiron o proxecto para aprobalo polo Pleno e que se lle devolva cunha serie de requisitos incluídos na aprobación.

Non producíndose debate, o Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dezasete membros asistentes, adopta o seguinte acordo:

**Primeiro: aprobar o proxecto de obra “Urbanización Calle Vicente Risco” redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos don Manuel Sánchez Lagarejo cun orzamento de execución por contrata de 40.000 euros e declarar que se axusta as esixencias da Texto refundido da Lei de contratos do sector público aprobado mediante Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro e do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.**

**Segundo: de acordo co informe técnico de 2 de setembro de 2014, declarar que a actuación definida no proxecto ao que se refire o apartado primeiro deste acordo é conforme coa normativa urbanística e sectorial, non sendo preciso informes sectoriais previos nin estudo xeotécnico.**

**Terceiro: poñer a disposición da Deputación Provincial os terreos precisos para levar a cabo a actuación definida no proxecto ao que se refire o apartado primeiro deste acordo e comprometerse a asumir as indemnizacións as que puideran ter dereito os contratistas das obras definidas no proxecto ao que se**



**refire o apartado primeiro deste acordo para o caso de que as obras non puideran ser iniciadas ou continuadas por inadecuación dos terreos postos a disposición da Deputación ou da obtención das autorizacións pertinentes para a súa execución.**

**Cuarto: nomear director de obra e coordinador da seguridade e saúde da obra definida no proxecto ao que se refire o apartado primeiro deste acordo a don Jorge Rodríguez Fernández, arquitecto municipal.**

## **2 Rogos e preguntas.**

Pide a palabra o sr. Blanco Paradelo quen, unha vez concedida, di que quería que a concelleira delegada de Servizo Sociais, a sra. Álvarez Diéguez, explicara o estado de como quedou a gardería coa apertura do novo curso pois habíanse plantexado algunhas cuestións nun pleno anterior sobre ese asunto, se houbo moitas solicitudes e se quedou algún neno fóra.

Contéstalle a sra. Álvarez Diéguez que se abriron tres aulas, unha de bebés, outra de 1 a 2 anos e unha terceira aula de 2 a 3 anos, co que habería unha educadora para cada aula máis a dirección do centro que fai de apoio con as tres aulas, é dicir, catro educadoras que atenderían a tres aulas. Di a concelleira que lista de espera en bebés e de 1 a 2 anos non hai pero de 2 a 3 anos quedaron 10 nenos fóra, que idea que se tiña nun principio era contratar a unha persoa, que non é posible contratar como xa se dixo no seu día, e das catro persoas que se nomearon unha delas está contratada por unha subvención da Deputación concedida a cargo de Servizos Sociais, polo que de persoal propio estarían 2 educadoras e a dirección do centro.

Di o sr. Alcalde que o contrato do que se falou a concelleira delegada ten unha vixencia ata o 31 de decembro de 2014 e que se espera continuar nesa liña no ano 2015 senón habería que recorrer a unha empresa porque non se pode contratar e tamén habería que ver si está xustificado contratar a unha persoa para un aula de só 10 alumnos cando as aulas son de 20 alumnos, e que hai que mirar polos recursos cando hai outras solucións para os pais.

Pide a palabra a sra. Delgado Fernández quen, unha vez concedida, di que quería pedirle ao concelleiro de Deportes, o sr. Fernández Arias, que na próxima Comisión, si é posible faga un pequeno informe sobre como transcorreran as obras nas piscinas municipais de verán e o custo de ditas obras.

Contéstalle o sr Fernández Arias que case mellor dará conta na Comisión de Obras en vez da de Deportes, porque alí está o técnico e pode informar mellor.

**3 Dación de contas: Informe das resolucións da Alcaldía dende o nº 413/14 ata o nº 529/14 e das actas da Xunta de Goberno Local de 27 de xuño, 2 e 10 de xullo e 7, 14 e 21 de agosto de 2014.**

A Presidencia dá conta das Resolucións dictadas pola Alcaldía dende a última sesión ordinaria ata a data da convocatoria da sesión e que abranguen dende o nº 413/14 ata o nº 529/14 e das actas da Xunta de Goberno Local de 27 de xuño, 2 e 10 de xullo e 7, 14 e 21 de agosto de 2014.

**4 Dación de contas en materia de morosidade (2º trimestre 2014)**

Dáse conta pola alcaldía-presidencia do informe de morosidade do segundo trimestre do ano 2014, sobre cumprimento da Lei de Morosidade e do informe da Alcaldía sobre xustificación do incumprimento.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo sr. alcalde-presidente levántase a sesión sendo as 20:30 horas do día indicado no encabezamento, estendéndose a presente acta do que eu, como secretario, dou fe.

O secretario

O alcalde accidental  
(Resolución delegación 17-09-2014)

Jesús Tallón García

Eduardo Ojea Arias